

MEMORIA DA X EDICIÓN DO CERTAME INTERNACIONAL DE IMPROVISACIÓN ORAL (ORALIDADE, DESAFIO, IMPROVISACIÓN E INXENIO)

Como novidades máis salientables desta edición, cabe destacar a presenza por primeira vez entre nos de Ravelistas Cantabros que estiveron acompañados por outros Ravelistas Asturianos, que nunca nos visitaran e no día de Hip-Hop a rapeiros improvisadores Andaluces. .

É de subliñar tamén, o positivo da experiencia de mesturar o rapeado coa Regueifa Galega.

DÍA 5 RAPEANDO EN ESTILO LIBRE (CEIBADOS)

LUGAR: SALA 7 MARES (detras da Igrexa de Santiago de Vigo – Zona de Churruca)

Hora de comezo: 22.00 horas

Participantes:

De Galiza:

David “O Jevi”

Moncho (Santiago)

Kandy

K. Tren

Dj Keison (Santiago)

Convidados:

Langui (Madrid)

Rafael “Capaz” Fernández (Andalucía)

Sicario Fernández (Andalucía)



COMENTARIO

Dende fai tres anos vimos dándolle pulo ó Rap en estilo ceibe e dende entón vimos observando que os nosos rapeiros non teñen nada que cobizar dos que veñen de fóra. Este ano misturamos e combinamos improvisación en galego e castelán, ofrecéndonos dende o escenario un fermoso espectáculo de habilidade verbal.

DÍA 6 CERTAME INTERNACIONAL DE REGUEIFAS

LUGAR: AUDITORIO DO CENTRO CULTURAL

HORA DE ESCOMENZO: ÁS 18.00 HORAS

PARTICIPARON:

BRINDEIROS GALEGOS (O Caurel):

- O Riveira de Louzarela

- Fidel Gallego (Monforte)
- María do Acibo
- Antonio de Sarria

CANTORES ASTURIANOS:

- David Varela
- Héctor Braga

CANTORES AO DESAFIO PORTUGUESES

- Augusto “Canario”

RAVELISTAS CANTABROS

- Miguel Cadavieco
- Rogelio Estibaliz
- Perico Pomba

NO PAPEL DE FISTORES GALEGOS:

- Suxo de Xornes
- Guillermo da Rabadeira
- Fermín de Coristanco

COMO MESTRE DE CEREMONIAS E PRESENTADOR

- Alberto Costas

Contamos no programa coa participación dos mellores Ravelistas do Estado, laureados en numerosos Encontros de Poesía Popular improvisada que nos amosaron o seu variado repertorio, nesta edición ó igual que na pasado procuraremos ofrecer unha panorámica representativa e sentar os alicerces do que podía ser a posta en escea dun espectáculo de improvisación en verso, misturando a palabra coa brincadeira e o teatro.

FISTORES GALEGOS

Decidimos nominar con este alcume que lle copiamos ó Profesor Alonso Montero ós protagonistas dos xogos verbais parateatrais e das brincadeiras dialécticas que lles preparou o Mestre de Cerimonias Alberto Costas. A verdade é que as probas que lles plantexou ós Fistores son un bo indicador do nivel de espectacularidade que acada a improvisación en verso e cando se poñen os ingredientes axeitados para ilo, xa que os artistas superon sortear con inxeño todas as trampas que se lle presentaban, o que provocou o entusiasmo do público presente.

